

## **Traballar as competencias a través dun proxecto de investigación no medio “A despensa no balcón”**

*Virginia Aznar Cuadrado e Blanca Puig Mauriz  
Departamento de Didáctica de Ciencias Experimentais  
Universidade Santiago de Compostela*

### **Introdución**

A ensinanza baseada en competencias básicas demanda, entre outras cuestións, poñer máis atención en como se aprende, que en que se aprende. O traballo por proxectos constitúe un enfoque metodolóxico que contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas, permitindo crear ambientes onde o alumnado poida poñer en práctica os seus coñecementos e habilidades sociais. Trátase dun enfoque ideal para traballar co alumnado na sociedade actual (Fernández López, 2009), xa que permite reflexionar sobre a realidade e atender á diversidade (Arias et al., 2009). Neste traballo preséntase un proxecto sobre unha cuestión relevante nun contexto de crise, a creación de “hortos de balcón” polo alumnado de maxisterio. O obxectivo é promover o desenvolvemento das competencias curriculares e a sensibilización do alumnado ante problemas globais propoñendo solucións locais. Preséntase nesta comunicación as fases de planificación do proxecto, centrándonos na primeira fase de introdución, e nalgúns resultados previos. Malia ser un proxecto desenvolvido na formación inicial de mestres consideramos que pode ser implementado en calquera etapa educativa.

### **Antecedentes**

A idea de desenvolver co alumnado de maxisterio un proxecto de hortos de balcón, nace no marco do programa “USC en transición”, posto en marcha polo plan de Desenvolvemento Sostible da Universidade de Santiago de Compostela. O obxectivo deste programa é dinamizar á comunidade universitaria para promover modelos de vida máis sostibles (Pardellas, 2011). Un dos tres ámbitos de actuación deste programa é a creación de hortos de balcón no campus universitario. Un dos hortos construídos está na Facultade de Formación de Profesorado de Lugo. Aproveitando esta iniciativa da “USC en transición” e en coordinación coa Oficina de Desenvolvemento Sostible, decidiuse empregar os hortos como recurso para levar a cabo proxectos de investigación co alumnado.

### **Metodoloxía, participantes e contexto educativo**

Os participantes son un grupo de 70 alumnos de 3º de grao en Educación Primaria da Facultade de Formación de Profesorado de Lugo. O traballo intégrase dentro da materia Ensino e Aprendizaxe das Ciencias Experimentais II, centrada na didáctica da bioloxía e xeoloxía en primaria.

O proxecto desenvolverase ao longo de tres meses de docencia da materia e comprende as tres fases do traballo resumidas na táboa 1. Estas fases foron tomadas de Arias et al. (2009) e adaptadas para este traballo.

| <b>Fases do proxecto</b>  | <b>Actividades desenvolvidas</b>  | <b>Período</b>                                 |
|---------------------------|---|--|
| 1. Introducción           | - Debate na aula sobre a crise, as súas consecuencias e solucións ó noso alcance<br>- Elección do tema do proxecto  | 1ª semana (Outubro)                            |
| 2. Análise da información | - Reparto de tarefas dentro dos grupos<br>- Procura de información<br>- Avaliación da información<br>- Elaboración dun informe  | 1ª e 2ª semana (Outubro)                       |
| 3. Posta en práctica      | - Decidir e elaborar as propostas de acción incluíndo: actividades a realizar, materiais e métodos de recollida de datos.<br>- Inicio de actividades no horto<br>- Toma de datos<br>- Análise de datos<br>- Informe sobre a evolución<br>- Posta en común dos proxectos | 3ª a 10ª semana (Outubro, Novembro e Decembro) |
| 4. Avaliación             | - Autoavaliación<br>- Valoración do proceso<br>- Avaliación final<br>- Portfolio  | 10ª semana (Decembro)                          |

Táboa 1. Fases do proxecto de hortos de balcón

### **Resultados da fase de introdución**

O proxecto comezou pedíndolle ao alumnado que explicitaran temas de actualidade, do seu contorno que lles preocuparan e que lles afectaran directamente. Xerouse así un debate no que o tema central foi a crise. Presentáronse datos sobre o despilfarro alimenticio, noticias sobre a subida de prezos na alimentación, e entrevistas sobre o tema para valorar individualmente. O alumnado tiña que aportar solucións reais e viables para poñer en práctica no centro. Unha vez postas en común elixiron a máis axeitada. As solucións propostas foron variadas, e todas elas relacionadas co desenvolvemento sostible e a solidariedade. A elección do tema do proxecto foi casi por unanimidade: crear un horto de balcón. Só un grupo de alumnos, dos 17 grupos de traballo, apuntou ademáis facer unha ecoauditoría no centro.

### **Agradecementos**

Traballo parte do proxecto financiado polo MEC, código EDU2009-13890-C02-01, “El desarrollo de competencias científicas: progresión de los componentes de la práctica y del metacognoscimiento”.

### **Bibliografía**

ARIAS CORREA, A.; ARIAS CORREA, D.; NAVAZABLANCO, M. V.; RIAL FERNÁNDEZ, M. D. (2009). *O traballo por proxectos en infantil, primaria e secundaria*. Xunta de Galicia, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.  
 FERNÁNDEZ LÓPEZ, L. F. (2009). Los proyectos de investigación del alumnado para la adquisición de la competencias básicas. *Aula de Innovación Educativa*, 186, 19 – 22.  
 PARDELLAS SANTIAGO, M. (2011). La USC en Transición: Una apuesta por la resiliencia energética. En BAO, M. e BELLO, P.M. (ed.) *Hacia el autoabastecimiento*